



CONSELLOS DIDÁCTICOS PARA BACHARELATO

Nos materiais da Aula do Dereito de Autor, as competencias sobre os dereitos de autor divídense en tres unidades: coñecementos dos dereitos de autor, uso de diferentes materiais, así como busca de información e capacidade lectora crítica. A Aula do Dereito de Autor ten o seu propio material para cada destreza, así como xogos para practicar e aprender a habilidade ou o coñecemento.

Os consellos didácticos son adecuados para usarse nas clases de calquera materia. Poden aplicarse tal cal ou poden tomarse extractos das tarefas e os materiais correspondentes para a situación de ensinanza de cada caso particular. Por exemplo, pode volver de novo á Guía para citar fontes ou ao Resumo do proxecto de vídeo en relación con diferentes proxectos de aprendizaxe.

O paquete de materiais tamén pode completarse estudando de forma independente con axuda das instrucións de autoaprendizaxe que se atopan na Aula do Dereito de Autor.

1. Coñecementos sobre os dereitos de autor

	OBXECTIVO E CONTIDO	MATERIAIS DA AULA DO DE-REITO DE AUTOR	CONSELLOS DIDÁCTICOS
OS DEREITOS DE AUTOR	<p>Comprender os dereitos de autor en diversas situacións prácticas desde o enfoque dos distintos métodos de publicación e permisos. Coñecer os conceptos básicos dos dereitos de autor.</p>	<p>Guía dos dereitos de autor</p> <p>Vídeo: Que son os dereitos de autor?</p> <p>Material Material de Os dereitos de autor: protexen o traballo creativo</p> <p>Cuestionario</p>	<p>No comezo da clase, explicar os conceptos básicos dos dereitos de autor: autoría, limiar de orixinalidade, protección dos dereitos de autor. Debater xuntos sobre por que é importante respectar os dereitos de autor.</p> <p>Co xogo Cuestionario, poden examinarse os coñecementos sobre os dereitos de autor.</p> <p>Ao pensar as preguntas, os alumnos poden buscar a información nos vídeos que se atopan na Aula do Dereito de Autor, na Guía dos dereitos de autor ou no sitio web https://www.auladerechodeautor.org/gl/</p>
COMPARTIR O CONTIDO CREADO POR OUTROS	<p>Comprender a protección da intimidade e a honra. Comprender que os dereitos de autor protexen o traballo creativo. Saber utilizar o permiso ou a licenza correctos para compartir contido e utilizar material no seu propio traballo. Comprender as súas responsabilidades penais e sancións polas infraccións dos dereitos de autor.</p>	<p>Guía dos dereitos de autor</p> <p>Resumos: Dereitos de autor, Internet e redes sociais Sacar imaxes Proxecto Proxecto de vídeo</p> <p>Material: Material de Elaboración dun proxecto</p> <p>Vídeo: Uso das obras</p>	<p>Coñecer as diferentes solucións de permisos e licenzas que son fundamentais para a tarefa de aprendizaxe. En pequenos grupos, os alumnos poden estudar o contido dos permisos e as licenzas para a súa propia tarefa de aprendizaxe, e mostrárllelo aos demais.</p> <p>Familiarizarse coa toma e a troca de imaxes, e os principios relacionados coa protección da intimidade e a honra.</p>
OS DEREITOS DE AUTOR SOBRE A PRODUCCIÓN PROPIA E DISTRIBUCIÓN	<p>Saber protexer os dereitos de autor dos seus traballos.</p> <p>Saber utilizar o contido e as obras creadas por outras persoas na súa propia obra respectando os dereitos de autor. Comprender que os dereitos de autor protexen o traballo creativo.</p>	<p>Guía dos dereitos de autor</p> <p>Resumos: Proxecto Proxecto de vídeo Os teus traballos – os teus dereitos Uso privado</p> <p>Vídeo: Que son os dereitos de autor?</p>	<p>Debater xuntos que significa «Eu como autor», ou sexa, a produción creativa, e que dereitos teño sobre a miña propia obra.</p> <p>Coñecer as diferentes solucións de permisos e licenzas que son fundamentais para a tarefa de aprendizaxe.</p>

2. Destrezas para usar diferentes tipos de materiais

	OBXECTIVO E CONTIDO	MATERIAIS DA AULA DO DE-REITO DE AUTOR	CONSELLOS DIDÁCTICOS
USO DE DISTINTAS OBRAS NO TRABALLO PROPIO	<p>Saber usar texto, imaxe, música, son, imaxe en vivo e combinacións destes en tarefas de aprendizaxe respectando os dereitos de autor.</p> <p>Comprender canto poden modificarse as imaxes ou obras orixinais respectando os dereitos morais do autor.</p> <p>Saber utilizar as ligazóns integradas na produción multimedia respectando os dereitos de autor.</p>	<p>Resumos:</p> <ul style="list-style-type: none"> Proxecto Proxecto de vídeo Sacar imaxes <p>Máquina de resumos</p> <p>Normas para citar as fontes</p> <p>Vídeo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Uso das obras <p>Material:</p> <ul style="list-style-type: none"> Material de Elaboración dun proxecto <p>Xogo de Verdadeiro ou falso</p>	<p>Antes de comezar o proxecto persoal, consultar os resumos relevantes para o proxecto e o vídeo sobre o uso das obras que se atopan na Aula do dereito de Autor. Tamén poden repasarse xuntos os aspectos básicos relacionados co uso das obras (por exemplo, símbolos dos dereitos de autor, citas das fontes e referencias).</p> <p>Buscar en Internet e outras fontes (libros, revistas, etc.) material relacionado co tema da clase ou a tarefa de aprendizaxe. Ao mencionar os materiais, facer as referencias das fontes apropiadas na tarefa de aprendizaxe.</p> <p>Coa máquina de resumos pode realizarse unha orientación específica sobre o uso dos materiais en función do tipo de resultado final.</p> <p>A habilidade para usar as obras pode practicarse co xogo de Verdadeiro ou falso.</p>
CITAR AS FONTES	<p>Saber usar e citar diferentes fontes.</p>	<p>Material:</p> <ul style="list-style-type: none"> Material de Citas <p>Normas para citar as fontes</p>	<p>Aclarar antes de nada o que significa cita e referencia. Estudar os métodos de referencia relacionados con diferentes fontes coa axuda da guía para citar fontes.</p> <p>O profesor pode facer unha busca previa ou facer que os alumnos busquen na clase diferentes fontes adecuadas para o tema da clase ou a tarefa de aprendizaxe.</p> <p>Os alumnos farán referencias a estas fontes utilizando a guía para citar fontes.</p>

3. Destrezas de busca de información e capacidade lectora crítica

	OBXECTIVO E CONTIDO	MATERIAIS DA AULA DO DE-REITO DE AUTOR	CONSELLOS DIDÁCTICOS
BUSCA DE INFORMACIÓN	<p>Saber obter información apropiada de varias fontes. Atopar conceptos clave adecuados para o tema. Saber utilizar axeitadamente os motores de busca e o sistema de recuperación de información da biblioteca. Comprender a importancia das diferentes perspectivas para un estudo amplo do tema da tarefa de aprendizaxe.</p> <p>Saber citar as fontes conforme ás boas prácticas.</p>	<p>Material de Percorrido para a produción persoal</p> <p>Normas para citar as fontes</p> <p>Resumos: Citar texto dunha fonte</p> <p>Xogo do Bingo</p>	<p>Antes de comezar a súa propia tarefa de aprendizaxe, repasar xuntos o material de Percorrido para a produción persoal e a Guía para citar fontes.</p> <p>Antes de realizar a súa propia tarefa de aprendizaxe, debater xuntos que tipo de textos poden usarse como fontes para a tarefa de aprendizaxe, onde poden atoparse eses textos, como buscar textos de forma máis fácil e que diferentes buscadores poden usarse para buscar información.</p> <p>Durante a clase, poden practicar xuntos a busca de información ou sobre temáticas relacionadas co tema da tarefa de aprendizaxe. Poden realizarse prácticas a modo de competición, quen atopa a información necesaria máis rápido. Por exemplo, o profesor pode facer preguntas relacionadas cun tema dunha clase que deben responderse o máis axiña posible.</p> <p>Co xogo do Bingo, poden examinarse os coñecementos sobre busca de información.</p>
CRÍTICA DAS FONTES	<p>Saber avaliar a fiabilidade das fontes e examinar criticamente os resultados de busca obtidos e elixir diferentes perspectivas sobre o tema.</p>	<p>Material: Material de Percorrido para a produción persoal</p>	<p>O profesor ou os alumnos poden buscar, por exemplo, de dúas a tres fontes diferentes relacionadas co tema da clase ou a tarefa de aprendizaxe. A primeira será fiable e apropiada para a tarefa. A segunda será fiable, mais irrelevante. A terceira non será fiable e será irrelevante desde o punto de vista da tarefa. Despois de familiarizarse cos textos, poden debater xuntos como se identifica unha fonte fiable ou apropiada e de onde xorde a falta de fiabilidade da fonte.</p>

4. Dominio das habilidades dos dereitos de autor

	OBXECTIVO E CONTIDO	MATERIAIS DA AULA DO DEREITO DE AUTOR	CONSELLOS DIDÁCTICOS
EXAME FINAL DE COÑECEMENTOS SOBRE OS DEREITOS DE AUTOR	<p>Comprender os dereitos de autor e a protección da intimidade e a honra en diferentes situacións prácticas, tamén en canto a diferentes permisos e métodos de publicación. Coñecer os conceptos básicos dos dereitos de autor, e solucións de licenzas e permisos. Saber utilizar diferentes materiais no seu propio traballo respectando os dereitos de autor.</p>	<p>Todo o material da Aula do Dereito de Autor</p> <p>Xogos para practicar distintas habilidades:</p> <p>Bingo, Verdadeiro ou falso e Cuestionario</p> <p>Exame final</p> <p>Diploma para imprimir</p>	<p>En primeiro lugar, realízanse os xogos para practicar os coñecementos sobre os dereitos de autor, despois, poden demostrar as habilidades que aprenderon no exame final. Os alumnos poden completar o exame final de forma independente.</p> <p>Ao pensar as preguntas, os alumnos poden buscar a información nos materiais dispoñibles na Aula do Dereito de Autor e no sitio web https://www.auladerechodeautor.org/gl/</p> <p>Cando o alumno aprobe o exame, poderá imprimir un certificado no seu perfil para demostrar o seu dominio dos coñecementos dos dereitos de autor.</p>